



CONCELLO
DE VIGO



Universida de Vigo

IV Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático *Cidade de Vigo*



2025
18 19 20 marzo
20:00 h
AUDITORIO DO CONCELLO DE VIGO
Praza do Rei, 1



CONCELLO
DE VIGO



Universida de Vigo




A AMIZADE, O ESENCIAL PARA UNHA BOA ESCALADA

Presenta: **Katya Sanz**
Directora da EGAM

Invitadas: **Nieves Gil e
Laia Duaigües**
Alpinistas e escaladoras

MARTES 18

Estas compañeiras de cordada e grandes amigas véñennos contar as súas maiores escaladas. Participaron xuntas no Equipo Español de Alpinismo FEDME de onde saíron sen dubidalo a afrontar os seus maiores retos: a primeira ascensión feminina na norte do Eiger, a apertura dunha nova vía de estilo alpino no Chekigo (Nepal), a escalada na Supercanaleta do Fitz Roy, a ascensión da Eternal Flame en Torres del Trango, a Vía Regular en Yosemite e un longo etcétera que de seguro nos manterán entretidas durante toda a xornada.



DECRECIMENTO, CARA Á NOVA PROSPERIDADE

Presenta: **Ana Pascual**
Voceira de Ecoloxistas en Acción

Invitado: **Fernando Valladares**
Investigador do CSIC e docente

MÉRCORES 19

Fernando Valladares é investigador do CSIC e profesor da Universidad Rey Juan Carlos. É un científico altamente citado polas súas investigacións sobre a biodiversidade e os impactos do cambio climático. En 2021 recibiu o Premio Jaume I e o Premio de Comunicación Ambiental da Fundación BBVA. Recibiu, tamén a Medalla de Ouro da Cruz Vermella e impartiu máis de 150 conferencias e cursos en 25 universidades e centros de investigación de todo o mundo, tales como Canadá, Estonia, EEUU, Chile, Brasil, Australia e numerosos países europeos. Agora estará con nós para reformular o concepto actual de prosperidade.



CANTO NOS CUSTA O CAMBIO CLIMÁTICO?

Presenta: **Gustavo Bergantiños**
Catedrático en Economía na UVigo

Invitado: **Xavier Labandeira**
Catedrático en Economía na UVigo

XOVES 20

O Dr. Labandeira, investigador de gran prestixio internacional, especializado na análise de cuestións enerxéticas, vénnos falar do custo económico do cambio climático. Actualmente, ademais da súa carreira investigadora e de levar a dirección de Economics for Energy, é partícipe en ECOBAS, investigador afiliado ao MIT e membro do consello científico do Real Instituto Elcano. A súa traxectoria xira a redor da economía climática, pública e enerxética, que transmite con rigor e neutralidade á sociedade. O seu labor foi recoñecido pola real Academia Galega de Ciencias en 2019.